

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 19.06.2019

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 19 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Propositions non de lei

- 1 10070 (10/PNC-001046)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática derivada do intrusismo profesional no ámbito sanitario, así como coas supostas técnicas e terapias alternativas non fundamentadas cientificamente
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 128, do 14.06.2017

- 2 10562 (10/PNC-001096)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co centro de saúde de Cambados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 136, do 28.06.2017

- 3 26568 (10/PNC-002047)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co reflectido nas directivas europeas en materia de tempos de traballo e de xornada laboral efectiva do persoal dos puntos de atención continuada e o cómputo da incapacidade temporal e permisos retribuídos, así como sobre o aboamento das axudas de custo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 267, do 27.02.2018

- 4 48990 (10/PNC-003955)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre a creación pola Xunta de Galicia da especialidade de persoal de Educación Social, dentro da escala de persoal técnico facultativo dos Servizos Sociais, a través da modificación da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, así como a inserción nas bases das licitacións dos centros xuvenís e de reformas de cláusulas para a súa adaptación ao III Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 463, do 17.04.2019

- 5 49485 (10/PNC-004006)
 Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
 Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
 Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
 coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 474, do 07.05.2019
- 6 50868 (10/PNC-004094)
 Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
 Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
 Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación
 coas deficiencias detectadas nos servizos de rehabilitación e de terapia
 ocupacional do Sergas
 Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 10070(10/PNC-001046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática derivada do intrusismo profesional no ámbito sanitario, así como coas supostas técnicas e terapias alternativas non fundamentadas cientificamente

Publicación da iniciativa, 128, 14.06.2017



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

O avance da ciencia no eido biosanitario vén consolidando as aspiracións das sociedades a unha cobertura sanitaria completa, satisfactoria e que aporte seguridade e benestar ás persoas. Estes obxectivos son retos principais de calquera sistema sanitario público nas sociedades avanzadas, de forma que os poderes públicos deben garantir eses principios a través do seu propio sistema.

Non entanto, existen dende sempre certos intentos de achegas de persoas ou colectivos que, envolvéndose dentro de supostas contribucións positivas ao eido da saúde, aproxímanse aos ámbitos sanitarios camuflando como ciencia e/ou disciplinas rigorosas e consolidadas certas prácticas que se afastan de criterios científicos, lonxe de estar empiricamente demostradas e sen fundamento real.

Dende os tradicionais curandeiros/as e colocadores/as ata as máis modernas denominacións e variacións das profesións de fisioterapia, psicoloxía ou medicina baseadas en aspectos pseudocientíficos, tense creado un ámbito de intrusismo nesas profesións. Este problema afecta non so á competencia desleal cara os/as profesionais correctamente formados/as e titulados/as, senón principalmente constitúe un problema sanitario ao estar sendo tratados os pacientes por persoas sen capacitación para elo. A isto engádese a inseguridade xurídica que se produce en caso de existir problemas para o paciente, o dano á imaxe das profesións e ata problemas polo feito de que estes pseudo-profesionais tenden a realizar o seu traballo con opacidade fiscal. Estamos, por tanto, ante unha grave situación dende varias perspectivas, que se continúa a dar polo aproveitamento destas persoas das incertezas que provocan os problemas sanitarios, a ineficiente xestión do



Grupo Parlamentario

sistema público que favorece largas demoras e perda de calidade na atención e unha débil acción de control por parte da Administración pública.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Esta situación está ben recollida en distintos puntos da regulación sanitaria, dende a Lei de cohesión, a Lei de profesións sanitarias, o Código de Deontoloxía Médica e outros textos legais ou colexiais. O propio Código Penal, no seu artigo 403, explicita a cuestión do intrusismo profesional. A pesares diso a proliferación de actividades, de carácter social ou mercantil, deste tipo de técnicas e terapias continúa a crecer.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver unha intensa campaña de concienciación sobre a base científica e rigorosa das disciplinas afectadas polo intrusismo, e a desmitificación das supostas técnicas e terapias alternativas non fundamentadas, alertando dos riscos para o paciente.
2. Dotar ao corpo de inspectores médicos dos recursos precisos, persoais e materiais, para poder exercer unha maior e mellor labor de seguimento e control das entidades privadas e as labores que nela se realizan, para poder supervisar o carácter científico delas.
3. Colaborar activamente cos colexios profesionais na defensa das súas profesións e na loita contra o intrusismo profesional

Pazo do Parlamento, 2 de xuño de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2017 18:01
Nº Rexistro: 10070
Data envío: 06/06/2017 18:01:09.977



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela na data 06/06/2017 17:59:17

Noela Blanco Rodríguez na data 06/06/2017 17:59:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/06/2017 17:59:27

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 10562(10/PNC-001096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co centro de saúde de Cambados

Publicación da iniciativa, 136, 28.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10562
Data envío: 15/06/2017 18:30:06.528

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás medidas a tomar no centro de saúde de Cambados.

A sanidade pública de Galiza está en estado de auténtica emerxencia como consecuencia das políticas do PP. Os recortes, a redución dos orzamentos adicados á sanidade, rebaixa continua dos cartos adicados á sanidade pública galega, recortes en persoal, materiais, formación e inversións. Os recortes teñen unha gravísima repercusión na prestación dos servizos sanitarios, deterioro asistencial.

Dentro deste deterioro xeneralizado a Atención Primaria de Galiza está sendo unha das principais damnificadas das nefastas políticas do Partido Popular. Desde o regreso ao goberno da Xunta do PP no ano 2009 todos as decisións tomados foron en detrimento dunha Atención Primaria como o eixo fundamental do sistema sanitario, como “a porta de entrada”, como elemento de coordinación clave para que o modelo sexa sostíbel.

Masificación de consultas, cupos de profesionais por enriba do establecido, redución de profesionais, non substitución nin por xubilación, nin vacacións nin ILT, nin outro tipo de licenzas ou permisos, as listas de espera xa son habituais, peche de axendas, colapsos, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10562

Data envío: 15/06/2017 18:30:06.528

deixar as súas consultas abandonadas durante horas, listas de espera de ata unha semana...

Non se trata de “casos puntuais” como queren facernos creer @s responsábeis do Sergas, senón que son as consecuencias de decisións que levan ao deterioro estrutural da Atención Primaria, decisións non inocentes, senón que son froito dunha escolla ideolóxica.

O Centro de saúde de Cambados responde á situación que se acaba de describir. A política do Sergas de non substitución do persoal, nin nos seus permisos, nin vacacións está a ter como consecuencia a redución de servizos e unha sobrecarga asistencial brutal.

O Sergas está a implantar o que dá en chamar “intersubstitucións”, que non é outra cousa que o escaso persoal que permanece no centro fago o traballo propio e o d@s que non están. Con este obxectivo, tomou a decisión de trasladar as dúas consultas de medicina de familia do horario de tarde para a mañá. Deixar o Centro de Saúde en horario de tarde só aberto catro horas, de dezaseis a vinte horas, con un pediatra e un/unha PSX.

As consecuencias desta decisión son a presenza dun número de profesionais insuficiente para atender a demanda existente, tanto a ordinaria como a que se deriva das persoas desprazadas debida á época estival. Estase producindo un aumento das persoas que están acudindo ao PAC, sobrecarga do resto do persoal, peche de axendas, desorganización pola necesidade constante de “redistribuír” a demanda asistencial, duplicar as citas... Unha sobrecarga asistencial brutal e un deterioro da calidade asistencial. Estamos diante dun auténtico despropósito, tanto para @s profesionais como para @s doentes.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10562
Data envío: 15/06/2017 18:30:06.528

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a que proceda a substituír ao persoal do Centro de Saúde de Cambados, tanto nas súas licenzas como vacacións.”

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/06/2017 18:29:32

Noa Presas Bergantiños na data 15/06/2017 18:29:38



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2017 09:30
Nº Rexistro: 10562
Data envío: 15/06/2017 18:30:06.528

Olalla Rodil Fernández na data 15/06/2017 18:29:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 15/06/2017 18:29:46

Xosé Luis Bará Torres na data 15/06/2017 18:29:49

Ana Pontón Mondelo na data 15/06/2017 18:29:53

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 26568(10/PNC-002047)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co reflectido nas directivas europeas en materia de tempos de traballo e de xornada laboral efectiva do persoal dos puntos de atención continuada e o cómputo da incapacidade temporal e permisos retribuídos, así como sobre o aboamento das axudas de custo

Publicación da iniciativa, 267, 27.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

Exposición de motivos

A Atención Urxente Extra hospitalaria en Galicia, foi regulada polo Decreto 172/1995 do 18 de Maio, coa creación dos Puntos de Atención Continuada e modificado parcialmente polo Decreto 156/2005. Neste sentido, mediante a Orde de 4 de xuño de 2008 (DOG núm. 115 do 16 de xuño de 2008) acórdase regular a provisión de postos de traballo, xornada, retribucións e condicións de traballo do persoal médico e de enfermería dos Puntos de Atención Continuada.

Pero a pesares da normativa mencionada, moitos dos dereitos acadados nunca chegaron a ser aplicados por parte da Xunta de Galicia, atopándose o persoal en condicións precarias que aumentan de éxito proporcional cos recortes na sanidade pública, agravando a situación, tanto en recursos humanos e materiais como en retribucións e presión asistencial, especialmente dende a creación das Estruturas Organizativas de Xestión Integrada.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Respetar o recollido nas directivas europeas sobre os tempos de traballo do persoal, así como non aumentar a xornada laboral efectiva de 1451



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 18:22
Nº Rexistro: 26568
Data envío: 20/02/2018 18:22:57.604



horas actuais, sendo calquera exceso de xornada voluntario, incentivado e por tramos.

- Facer un cómputo axeitado de Incapacidades temporada e permisos retribuídos.
- Aboar as dietas de domingos e festivos tanto pola comida como pola cea.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 20/02/2018 18:21:08

Luis Villares Naveira na data 20/02/2018 18:21:15

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 48990(10/PNC-003955)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia da especialidade de persoal de Educación Social, dentro da escala de persoal técnico facultativo dos Servizos Sociais, a través da modificación da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, así como a inserción nas bases das licitacións dos centros xuvenís e de reformas de cláusulas para a súa adaptación ao III Convenio Colectivo Estatal de Reforma Xuvenil e Protección de Menores

Publicación da iniciativa, 463, 17.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:41:01
Nº Rexistro: 48990
Data envío: 10/04/2019 12:41:01.582



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través do seu deputado **Luís Villares Naveira** e das súas deputadas **Paula Vázquez Vero** e **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.^a**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Colexio de Educación Social de Galicia (CEESG), que agrupa a profesionais da Educación Social, fixo público a través dun comunicado a súa situación actual coa Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e as convocatorias de educador/a das OPE de 2017 e de 2018 que se están a negociar.

Nel manifestan a indignación pola falta de atención e recibimento por parte da Consellería de Política Social da Xunta no mes de outubro de 2018, petición que se reiterou en marzo pasado, delegando a atención ao colectivo nalgunha dirección xeral.

Tamén amosan a disconformidade coa negociación das bases dos procedementos selectivos de educador/a de novo ingreso nas OPE de 2017 e de 2018 da Xunta sen contar co CEESG como entidade interlocutora, tan sequera no dereito a ser oída, o que suporá unha cronificación da situación deste colectivo así como a vulneración de dereitos e deberes das profesionais da educación social na administración. Precisan os e as 4200 profesionais deste colectivo un recoñecemento á formación e que se traduza na creación dos postos de traballo específicos e con garantías de respecto dos seus dereitos.

A figura da Educadora e do Educador Social en Galicia e en España é froito da combinación de tres históricas ocupacións: as educadoras e educadores





especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se move nos campos da inadaptación, da alfabetización, da exclusión, da marxinación social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etc.

Esta figura profesional foi ampliando a súa cobertura de acción, asumindo unha amplitude de funcións que evolucionaron e matizáronse nas últimas décadas co fin de construír unha identidade profesional da Educación Social. A súa rápida expansión é o reflexo do carácter dinámico, socializador e de transformación social da figura da Educadora e do Educador Social.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.^a

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear a especialidade de persoal de Educación Social dentro da escala de persoal técnico facultativo dos Servizos Sociais, a través da modificación da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.
2. Inserir cláusulas nas bases das licitacións das adxudicación a entidades públicas ou privadas dos centros xuvenís e de reforma que convoca a Consellería para que se adapten ao disposto no III Convenio Colectivo Estatal de Reforma xuvenil e Protección de menores.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputadas e voceiro do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2019 12:41:01
Nº Rexistro: 48990
Data envío: 10/04/2019 12:41:01.582



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 10/04/2019 12:39:16

Paula Vázquez Verao na data 10/04/2019 12:39:23

Carmen Santos Queiruga na data 10/04/2019 12:39:28

CSX_FEXYSTROSbwfEDG07
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 49485(10/PNC-004006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación laboral do persoal e o nivel de eventualidade no Sergas

Publicación da iniciativa, 474, 07.05.2019



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A situación laboral do persoal do Sistema público de saúde segue a ser un dos problemas esenciais que afectan á calidade asistencial do noso sistema, e provoca unha enorme ineficiencia na xestión dos recursos dos que dispón este servizo público.

De maneira reiterada, colectivos profesionais e organizacións políticas e sindicais levan denunciando publicamente a situación de precariedade e inestabilidade que moitos e moitas profesionais do sistema viven e sofren, o que produce un escenario de incerteza que repercute nas persoas usuarias. Hai moitos escenarios, froito destas situacións, que complican o funcionamento do sistema e dos/as profesionais: a dificultade de organizar os servizos cando existe unha elevadísima rotación de profesionais froito da sucesión de persoal eventual sobre postos estruturais; as situacións de ineficiencia provocadas pola rotación dunha mesma persoa en servizos distintos de maneira continuada obrigando a enlentecer o seu funcionamento ao ter que adaptarse as modos e lugares de cada un deles; a incerteza en torno á vida persoal a corto e longo prazo que se produce en persoal eventual que deben estar sempre dispoñibles... Son estas, e outras, as situacións que dificultan unha eficiente organización do sistema.

A este escenario súmase o feito de que moitos/as profesionais encadean contratos eventuais de maneira concatenada ata chegar a facelo numerosas ocasións. Isto provoca que un posto laboral sexa ocupado de maneira continuada, sucesiva e sen interrupción por profesionais que, estando en situación eventual, desenvolven unha labor que obviamente é estrutural. Así prodúcese unha dualidade no sistema que provoca problemas e fixa como natural unha situación inaceptable de eventualidade.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 17:47:25
Nº Rexistro: 49485
Data envío: 29/04/2019 17:47:25.691

O TSXG vén de condenar ao Sergas por unha situación como as descritas, cualificando como “torticera” e “fraudulenta” a fórmula de concatenación de contratos eventuais para postos de obvio carácter estrutural. Non é a primeira vez que o Sergas afronta unha situación de este tipo, máis non se ten asumido ningunha responsabilidade sobre esta ou outras resolucións no mesmo sentido. Existen, como é coñecido, numerosas situacións idénticas que poden provocar unha problemática acumulada de carácter xudicial, que está sendo a única maneira de resolver un problema laboral que o Sergas deba afrontar pola súa propia iniciativa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un informe sobre a situación laboral específica da eventualidade no Sergas, que sinala os casos similares aos que veñen dando lugar a sentencias contra o Goberno da Xunta de Galicia sobre a situación eventual de traballadores/as que exercen labores en postos estruturais.
2. Iniciar no prazo máximo de 6 meses un plan estratéxico de reforzo do cadro de persoal e mellora da estabilidade no Sergas cos obxectivos de incrementar en 5.000 novas prazas o cadro de persoal e reducir a un obxectivo dun 5 por cento o nivel de eventualidade no 2022.
3. Incorporar ao cadro de persoal, cando menos, a todo o persoal que teña encadeado contratos eventuais de maneira regular no Sergas por un volume igual ou superior aos 300 días durante os últimos dous anos.

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REXISTRO: 49485
Verificación:
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2019 17:47:25
Nº Registro: 49485
Data envío: 29/04/2019 17:47:25.691

Julio Torrado Quintela na data 29/04/2019 17:43:55

Noela Blanco Rodríguez na data 29/04/2019 17:44:01

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/04/2019 17:44:06

CSX4 REGISTROFRO681H19
Verificado
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 19.06.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 50868(10/PNC-004094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias detectadas nos servizos de rehabilitación e de terapia ocupacional do Sergas

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 18:26:02
Nº Rexistro: 50868
Data envío: 06/06/2019 18:26:02.594

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de garantir a equidade en toda Galiza na atención do servizo de rehabilitación e a inclusión da terapia ocupacional no mesmo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais reuníronse co Grupo Parlamentar do BNG para trasladarnos información e a súa preocupación pola falta de recursos e de equidade para acceder ao servizo de terapia ocupacional no Sergas.

A Terapia Ocupacional é unha profesión sanitaria titulada e regulada na Lei 44/2003, de 21 de novembro, de Ordenación das Profesións Sanitarias como profesión de carácter diplomado. A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais define a disciplina como

unha profesión da saúde centrada na persoa, que ten como obxectivo a “promoción da Saúde e o Benestar a través da ocupación”, de xeito que a misión destes/as profesionais é a intervención máis adecuada, cun papel activo da persoa

CSM - REXISTRO DE MOTIVOS
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 18:26:02
Nº Rexistro: 50868
Data envío: 06/06/2019 18:26:02.594

que contribúa a preservar, promover, manter e/ou mellorar a saúde, o benestar e a participación na comunidade.

Segundo a lei mencionada correspóndelles @s Diplomad@s Universitarios en Terapia Ocupacional a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que tenden a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento destas funcións.

Os ámbitos de actuación nos que @ terapeuta ocupacional pode desenvolver o seu labor son diversos, ao igual que as poboacións coas que traballa e o tipo de intervención que aplica. É especialmente relevante no ámbito sanitario e socio-sanitario: Equipos de Atención Primaria e Hospitalaria, Atención temperá, servizos de Medicina Física e Rehabilitación, oncoloxía, unidades de coidados paliativos, psicoxeriatría, rehabilitación neurolóxica (adquirida e neurodexenerativa) saúde mental, residencias e centros de día...

Segundo a información de nos traslada COTOGA (Colexio Terapeutas Ocupacionais de Galiza), hai arredor de 40 terapeutas ocupacionais prestando servizos no SERGAS, cun reparto irregular ao longo dos distintos servizos hospitalarios, practicamente inexistente nos hospitais comarcais e é inexistente en Atención Primaria.

As ratios de profesionais non permite proporcionar servizos de suficiente calidade á poboación galega. Así mesmo existe unha clara inequidade en Galiza en canto ao acceso ao servizo de terapia ocupacional, de xeito que son centos as persoas con problemas de saúde que poden derivar en situacións de dependencia e limitacións para a participación, que ven suprimido o seu dereito fundamental á

CSX4 REXISTRO16101557AIGR
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 18:26:02
Nº Rexistro: 50868
Data envío: 06/06/2019 18:26:02.594

saúde, xa que non reciben o tratamento interdisciplinario adecuado e necesario para unha correcta rehabilitación das súas dificultades de autonomía persoal e participación na comunidade.

En definitiva a oferta de Terapia Ocupacional que ofrece o Sergas é moi deficiente, de xeito que @s doentes que precisan esta atención de forma xeneralizada, están sendo derivad@s a centros “concertados” ou teñen que acudir á asistencia privada, a pesar de que teñen dereito a recibir atención no ámbito público, xa que está recollida na carteira de servizos.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a garantir @s galeg@s a atención universal a Terapia Ocupacional de xeito que todas as persoas que requiran logopedia poidan ter acceso a ela sen demoras e próxima ao seu domicilio. Para acadar este obxectivo realizará as seguintes actuacións:

- - Incremento do cadro de persoal de terapeutas ocupacionais no Sergas que permita equiparar os equipos de rehabilitación en todas as áreas sanitarias , de xeito que todas conten con rehabilitación física (tanto adquirida como dexenerativa), rehabilitación pediátrica e saúde mental, con dotación como mínimo de fisioterapeutas, logopedas, terapeutas ocupacionais e psicólog@s nas equipas de rehabilitación de todos os hospitais.

CSX4 REXISTRO161557A68
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 18:26:02
Nº Registro: 50868
Data envío: 06/06/2019 18:26:02.594

-- Dotación de terapeutas ocupacionais en Atención Primaria.

-- Incluír o Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais no Consello Asesor Técnico de Atención Primaria.”

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/06/2019 18:24:56

Xosé Luis Bará Torres na data 06/06/2019 18:25:05

CSM REGISTRO INSGR
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
ep-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2019 18:26:02
Nº Registro: 50868
Data envío: 06/06/2019 18:26:02.594

Noa Presas Bergantiños na data 06/06/2019 18:25:11

Olalla Rodil Fernández na data 06/06/2019 18:25:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/06/2019 18:25:30

Ana Pontón Mondelo na data 06/06/2019 18:25:38

CSX4 REGISTROINSFAGB
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

